



BUS

## Sube ao Gaiás

Último bus dende o Gaiás ás 23.00 h.

**L9** De luns a venres e sábados pola mañá. Cada 60 min.



**C11** Sábados pola tarde (17:10 e 20:15 h), domingos e festivos (10:30, 13:30, 17:35 e 19:55 h), ao seu paso pola Praza de Galicia.



Máis información en: [cidadedacultura.gal](http://cidadedacultura.gal) | [atardecernogaias.gal](http://atardecernogaias.gal)

# ATARDECER NO GAIÁS

**Xullo 2019** —

**X4 Cecilia Krull »  
V5 Kumbia Boruka »  
S6 Laura Lamontagne » X11 Labaq »  
V12 Europejska Orkiestra »  
S13 Soulmacklein » M17 Miss Bolivia »  
V19 Ladilla Rusa » S20 Betacam »  
V26 Floridablanca »  
S27 Berta Franklin**

**Agosto 2019** —

**X1 Apartamentos Acapulco »  
V2 Malraio » S3 Monterrosa »  
X8 Agoraphobia » V9 Kumbia Queens »  
S10 Las Migas » X15 Marinah »  
V16 De Vacas » S17 Best Boy**

Concertos no escenario Cervezas Alhambra os xoves, venres e sábados do 4 de xullo ao 17 de agosto de 2019, a partir das 21h na Praza do Gaiás » [Entrada de balde](http://Entrada de balde) » [cidadedacultura.gal](http://cidadedacultura.gal) » [atardecernogaias.gal](http://atardecernogaias.gal)

GAIÁS  
CIDADE DA  
CULTURA



# ATARDECER NO GAIÁS

galicia o bo camiño Xacobeo 2021

inaem CERVEZAS ALHAMBRA

FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA XUNTA DE GALICIA

FONDO GAIÁS DA EMPRESA GALEGA

//ABANCA //Fundación INDITEX INVERWANTE Naturgy Fundación Baró Sabadell Coren Lanza GADIS NOSA VERGA 21 BARBERAS R MonUS

# XUL»



## X4 CECILIA KRULL

MADRID O primeiro solpor musicado vén da autora e intérprete de *My life is going on*, coñecida canción da serie de éxito 'La Casa de Papel'. As súas fermosas melodías entre o jazz e o soul valéronlle Discos de Ouro en Francia e de Platino en Italia.



## V5 KUMBIA BORUKA

MÉXICO Colombia, México e Jamaica unidos polos ritmos desta formación que, tal e como anuncia o seu nome, vai armar a festa no Gaiás! Con cumbia, reggae e salsa cun son moderno e singular.



## S6 LAURA LAMONTAGNE

GALICIA Sons intimistas en galego e en inglés para deixarse arrolar mentres cae o sol no Gaiás. Unha voz cálida e prodixiosa, que nos fala do desexo, dos afectos e de espazos comúns, onde é difícil non sentirnos nalgún momento reflectidas e reflectidos.



## X11 LABAQ

BRASIL Un dos nomes máis recorrentes cando se fala da música alternativa/pop & indie do Brasil. Esta cantante, compositora, guitarrista e produtora ten a forza e a sensibilidade na súa voz e na súa guitarra eléctrica. Engaiola a súa electrónica envolvente para ouvidos refinados.



## V12 EUROPEJSKA ORKIESTRA

GALICIA Viaxar polos sons da vella Europa desde a Praza central do Gaiás. Un máxico percorrido con música e fanfarria dos Balcáns mentres imos vendo paseniño o agocho do sol.



## S13 SOULMACKLEIN

GALICIA O que foi membro dun dos grupos máis importantes de hip hop en Galicia, Delahoja, dá o salto en solitario achegándose ao reggae con cancións positivas. Ritmos e letras das que presta escoitar e deixarse levar no verán.



## M17 MISS BOLIVIA

ARGENTINA Esta cantante, compositora, psicóloga, produtora e DJ desprega cumbia, hip hop, dance e reggae para denunciar a sociedade patriarcal e promover o empoderamento das mulleres. Unha loita á que se nos convoca bailando!



## V19 LADILLA RUSA

CATALUÑA Letras cargadas de ironía e retranca para radiografar a sociedade a ritmo de electropop costumista arrabaldeiro. Este dúo ten acadados fitos, como colocar algúns dos seus temas entre os máis virais de Spotify a nivel nacional e superar as 800.000 reproducións do vídeo *Macaulay Culkin*.



## S20 BETACAM

CANTABRIA O hiperactivo Javier Carrasco (membro de bandas como Rusos Blancos, Templeton ou Tulsa) transportaranos á escena musical dos 80 con pequenas perlas de pop electrónico de autor, algunhas delas moi New Order.



## V26 FLORIDABLANCA

MADRID Banda sonora que non pode faltar na fin de semana. Cancións de pop vitalista con retrousos pegañentos para dalo todo na pista de baile na que se converterá a Praza Central do Gaiás para esquecer os malos momentos da semana.



## S27 BERTA FRANKLIN

GALICIA Chamada a ser a superbanda de Lugo, estes cinco músicos con bagaxe noutras formacións logran un son propio e coidado, que vai desde soul americano clásico aos novos estilos que desprepararán para nós na Praza Central do Gaiás.

# AGO»



## X1 APARTAMENTOS ACAPULCO

GRANADA Melodías coidadosamente sinxelas compactadas con guitarras e sons de sintetizadores ruidosos, nas que pode albiscarse influencias de Los Planetas. En todo caso, un estilo propio que non nos vai deixar indiferente.



## V2 MALRAIO

GALICIA Coa tensión entre guitarras como fio condutor, as cancións de Malraio axegan polas cunetas da contemporaneidade. O illamento disfrazado de éxito social ou a cuestionable xestión das crises persoais agroman entre cancións de post rock de amplo espectro. Levan bigote.



## S3 MONTERROSA

MADRID A canción pop como ferramenta política e artística. Esta é a carta de presentación deste dúo electropop que nos empurra dun xeito irrefreable ao baile e a cuestionar, cuestionarnos e revolucionarnos.



## X8 AGORAPHOBIA

GALICIA Efectiva mestura de garage, punk rock e indie desta banda de mozas de Boiro, que defenden con soltura nos directos. De aí que non falten en festivais e non paren de recibir eloxios da crítica polas súas cancións redondas, nas que sacan o mellor ruído que levan dentro.



## X9 KUMBIA QUEERS

ARGENTINA As riñas do tropipunk. Son argentinas, rebeldes e un referente para a comunidade LGBTI con composicións que falan de aceptar o diferente con ritmos cálidos e pegañentos, con máis mensaxe sempre do que parece.



## S10 LAS MIGAS

CATALUÑA Tras unha xira internacional con *Vente Conmigo*, seleccionado aos Latin Grammy, esta banda feminina —da que formou parte Silvia Pérez Cruz— volve pisando forte con aires moi flamencos tinguidos de sons electrónicos.



## X15 MARINAH

CATALUÑA Cocteleira de flamenco, cumbia e trap para darlle ritmos de baile a esta voz feminina e feminista, quen reivindica "sen pausa, pero bailando" derrubar muros, clixés, prexuízos e censuras coas súas letras.



## V16 DE VACAS

GALICIA As brillantes versións melódicas, e en galego, de hits de todos os estilos deste grupo fan imposible que non prefirmos a interpretación aceda e retranqueira das súas letras, antes cas orixinais. Non acompañalas nos retrousos, tamén vai ser imposible.



## S17 BEST BOY

GALICIA Soul, jazz, bluegrass... desde Tui. Melodías que transmiten boa onda, calma e repouso merecido para despedir os solpores musicados deste verán, tras un cartel no que só nos prestou bailar.

Esta programación pode estar suxeita a cambios no momento da súa publicación.